

O Entroido



A Galicia enteira, o mesmo no campo que nas vilas e nas cidades, celebra con ledicia, cando vai acabar o inverno, as festas do Entroido.

O Entroido é a festa na que os costumes se relaxan, os roles invértense e un pode rirse de todo.

Son unhas festas nas que participan todos: meniños, mozos e vellos. As familias e os amigos xúntanse para xantaren o tradicional lacón con grelos, seguido das torradas, das orellas e das filloas que tan ben lle saben aos novos e aos vellos.

Ademais das lambetadas, a festa ten outras cousas non menos interesantes: as máscaras e os disfraces tan bonitos coma orixinais.

Algunhas persoas teñen moita arte para inventaren os disfraces que han de levar e gozan moito cando os seus parentes e amigos non os recoñecen.

A xente disfrázase do que quere, pero en moitos lugares teñen uns traxes ou personaxes propios, coma os peliqueiros, os xenerais, as pantallas, os cigarróns, os merdeiros, o oso, ...

En tódolos recantos de Galicia organízanse comparsas, bailes e festas coa colaboración dos meniños e dos adultos. Todos están moi ledos; fanse tamén cantigas, algunhas moi divertidas, nas que se fala das cousas máis importantes que aconteceron no lugar. E todos cantan, brincan e bailan para celebraren o Entroido.

1. Como celebras ti o Entroido? _____

2. Que é o que máis che gusta do Entroido? Por que? _____


3. Debúxate celebrando o Entroido.

4. Busca nesta sopa de letras o nome de 7 comidas típicas de Entroido.



R	O	S	Q	U	I	Ñ	A	S	T
M	F	T	U	O	P	S	T	S	C
B	V	B	N	M	F	O	O	C	S
I	E	R	T	F	D	S	R	H	A
C	D	F	G	I	S	E	R	L	L
A	D	R	C	T	V	R	A	N	L
A	S	O	R	T	V	O	D	U	E
L	C	P	Ñ	E	R	L	A	D	R
S	A	O	L	L	I	F	S	C	O





FESTAS DO ENTROIDO DE GALICIA DE INTERESE TURÍSTICO

- 1 Entroido de Xinzo de Limia (OURENSE)
- 2 Entroido de Verín (OURENSE)
- 3 Entroido de Viana do Bolo (OURENSE)
- 4 Entroido de Cobres VILABOA (PONTEVEDRA)
- 5 Entroido de Laza (OURENSE)
- 6 Entroido de Manzaneda (OURENSE)
- 7 Entroido dos Xenerais da Ulla (A CORUÑA - PONTEVEDRA)
- 8 Entroido de Maceda (OURENSE)
- 9 Entroido de Vilaríño de Conso (OURENSE)

ENTROIDOS INVITADOS

- 10 Entroido Ribeirao CHANTADA (LUGO)
- 11 As Bonitas de Sande CARTELE (OURENSE)
- 12 Vellaróns de Ríos RÍOS (OURENSE)
- 13 Vergalleiros de Sarreaus SARREAUS (OURENSE)
- 14 Samede PADERNE (A CORUÑA)
- 15 Os Galos da Mezquita A MERCA (OURENSE)

5. En que provincia galega atopamos máis entroidos coñecidos? _____

6. Hai algún preto de nós? Onde? _____

7. Se o coñeces, conta o que saibas.

8. Se non o coñeces, investiga e escribe sobre el.

9. Mira estes vídeos:

<https://www.youtube.com/watch?v=hyhoMOpwYY>

<https://www.youtube.com/watch?v=Ctzqu-esw6g>

<https://www.youtube.com/watch?v=gkTrFhRZtM4>

<https://www.youtube.com/watch?v=U6FCY2pE3x8>

<https://www.youtube.com/watch?v=1dTpwSIOvew>

<https://www.youtube.com/watch?v=Q7u8dIRlvJk>

10. Deseña un personaxe ou unha máscara para o Entroido da túa localidade.


11. Cruzada de Entroido. Coloca o nome destes personaxes no seu lugar. O nome dun deles aparece xuntando as letras dos cadros sombreados.




Peliqueiros



Boteiros



Pantallas



Cigarróns



Merdeiros



Galáns e Madamas



Xenerais



Ravachol



Volantes



Choqueiros



Oso

